

Concello de Tomiño

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O CONCELLO DE TOMIÑO E A ASOCIACIÓN DE FAMILIARES DE ENFERMOS DE ALZHEIMER E OUTRAS DEMENCIAS DE GALICIA (AFAGA ALZHEIMER), SOBRE O PROXECTO DE ATENCIÓN AS PERSOAS CON DEMENCIA E DE PREVENCIÓN “REACTIVATE”.

Na Casa Consistorial do **Concello de Tomiño**, a 30 de setembro de 2025.

REUNIDOS

Dunha parte, a Alcaldesa **D^a. SANDRA GONZALEZ ÁLVAREZ** do **CONCELLO DE TOMIÑO**, exceptuada de sinalar as súas circunstancias persoais por razón do cargo que ocupa

Doutra parte, **D. JUAN CARLOS RODRÍGUEZ BERNÁRDEZ**, con DNI número **36073858Z**, como representante legal da entidade **ASOCIACIÓN DE FAMILIARES DE ENFERMOS DE ALZHEIMER E OUTRAS DEMENCIAS DE GALICIA**, en adiante “**AFAGA ALZHEIMER**”, con NIF número **G36776920**.

INTERVEÑEN

D^a. SANDRA GONZALEZ ÁLVAREZ, na súa condición de **Alcaldesa do CONCELLO DE TOMIÑO**.

D. JUAN CARLOS RODRÍGUEZ BERNÁRDEZ, actuando en representación de **AFAGA ALZHEIMER**, segundo así resulta dos seus estatutos, asegurando o comparecente que tales facultades non lle foron revogadas.

Ámbalas dúas partes recoñécense reciprocamente a lexitimación e a capacidade legal necesaria para o outorgamento e formalización do presente contrato e, como antecedentes e motivación deste acordo de vontades, **EXPOÑEN**:

Sandra González Álvarez (1 para 2)
Alcaldesa de Tomiño
Data de Sinatura: 30/09/2025
HASH: c48380c11363f6134f13562bdf721108

Tomiño
CONCELLO

RODRIGUEZ BERNARDEZ, JUAN CARLOS (2 para 2)
Doutor en Dereito
Data de Sinatura: 30/09/2025
HASH: 4f68344407f9e4388b0dc78ee6a6b45



Concello de Tomiño

ANTECEDENTES

PRIMEIRO. Que a lexislación vixente sobre convenios reguladores de programas e a Constitución Española recoñecen a igualdade de todos os españois no exercicio dos seus dereitos. A garantía é asumida por todas as Administracións Públicas a través de políticas de protección social. Concretamente nos termos do artigo 25 da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, o Municipio, para a xestión dos seus intereses e no ámbito das súas competencias, pode promover actividades e prestar os servizos públicos que contribúan a satisfacer as necesidades.

SEGUNDO. Que as asociacións desempeñan un papel fundamental nos diversos ámbitos da actividade social, contribuíndo a un exercicio activo da cidadanía, representando os intereses dos cidadáns ante a Administración e desenvolvendo unha función esencial e imprescindible nas políticas de desenvolvemento, medio ambiente, promoción dos dereitos humanos, xuventude, saúde pública, cultura, ocio e outras de análoga natureza.

TERCEIRO. Que **AFAGA ALZHEIMER** é unha asociación sen ánimo de lucro que ten como obxecto principal prestar atención social, psicolóxica e xurídica específica ás familias e persoas que padecen Alzheimer e outras demencias, fundada o 4 de maio de 1994, con NIF G-36776920, debidamente inscrita no Rexistro Central de Asociacións na sección 1ª co número 2018/22626-1 e declarada asociación de utilidade pública dende o 26 de maio de 2006. Xurdida no ano 1994, trala mobilización espontánea de familiares de enfermos de alzheimer, a raíz da desorientación e falla de información que naquel momento existía respecto desta enfermidade.

CUARTO. **AFAGA ALZHEIMER**, xunto co resto de entidades desta natureza existentes en Galicia, sitúase como o principal expoñente na defensa e atención social das persoas que padecen alzheimer e dos seus familiares en Galicia, sendo **AFAGA ALZHEIMER** a primeira asociación de familiares de enfermos de alzheimer (AFA) en toda Galicia. Que de acordo cos seus estatutos, os fins básicos de **AFAGA ALZHEIMER** son, entre outros, a promoción de actuacións e programas destinados a mellorar a situación das familias e a atención ás persoas enfermas, defender os seus dereitos, reclamar das autoridades e organismos públicos a creación dunha infraestrutura de apoio e de centros específicos e mesmo desenvolver actividades e programas de difusión e sensibilización social.



Concello de Tomiño

QUINTO. Que, para dar contido a eses fins, **AFAGA ALZHEIMER** conta cun “**Programa de estimulación cognitiva e funcional para persoas con demencia neurodexenerativa**”, para persoas que contan cun diagnóstico en algunha enfermidade neurodexenerativa que inclúe unha serie de obradoiros que teñen como obxectivos específicos manter as capacidades mentais e funcionais o máximo tempo posible, evitar a desconexión e fortalecer as relacións sociais, facilitar un descanso ós coidadores e/ou familiares e mellorar o seu estado emocional.

Ademais conta co obradoiro “**REACTIVATE**”, un programa de prevención encamiñado á previr a deterioración neurodexenerativa e a promoción de hábitos saudables a nivel cognitivo, emocional, físico, funcional e social. Un programa deseñado para exercitar a mente e o corpo. Promocionar o envellecemento activo, pero tamén para socializar, para escapar da rutina do día a día, para divertirse e, desta forma, despertar nas persoas usuarias novas inquietudes intelectuais.

Que sendos programas foron executados, correctamente, en anteriores anos por **AFAGA ALZHEIMER** en varias parroquias do **CONCELLO DE TOMIÑO**, coñecendo este os resultados positivos acadados polas persoas participantes nos cuestionarios de satisfacción a esas persoas participantes realizados.

SEXTO. Que o **CONCELLO DE TOMIÑO** é coñecedor da existencia dun colectivo de persoas no Concello que teñen a necesidade de acudir a este tipo de recursos para mellorar a súa calidade de vida; recursos que constitúen un complemento dos servizos sociais dos que dispón o propio **CONCELLO DE TOMIÑO**.

SÉTIMO. Que a prestación de servizos sociais polo **CONCELLO DE TOMIÑO** ampárase no artigo 25 da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local; na disposición adicional 4ª da Lei 5/2014, de 27 de maio, de medidas urxentes derivadas da entrada en vigor da Lei 27/2013, de 27 de decembro, de racionalización e sostibilidade da administración local; e no artigo 60 da Lei 13/2008, de 3 de decembro, de servizos sociais de Galicia.

OITAVO: A presente **subvención nominativa** está prevista no orzamento municipal para o ano 2025 e 2026. En virtude de canto antecede formalizarase o presente convenio conforme aos seguintes importes:



Concello de Tomiño

	2025	2026
Reactive 1 (2 grupos)	3.590,88€	7.181,75€
Reactive Parroquias Tebra, Sobrada e Barrantes (3 grupos)	3.590,88€	7.181,75€
Talleres estimulación para persoas con demencia tipo Alzheimer e respiro á familiar	1.500,00€	7.181,75€
Total	8.681,74€	21.545,25€
TOTAL CONVENIO 30.226,96€		

Formálizase o seguinte convenio en base ás seguintes cláusulas:

CLÁUSULAS

PRIMEIRA. É obxecto do presente convenio, establecer un acordo de colaboración entre o **CONCELLO DE TOMIÑO** e **AFAGA ALZHEIMER** para o desenvolvemento, por un lado, do *Programa de estimulación para persoas con demencia tipo Alzheimer e respiro á familiar*; por outro lado, para o *Programa Prevención ó deterioro cognitivo e físico "RECTÍVATE"*.

Os obxectivo principais dos programas son: a estimulación das funcións cognitivas e a promoción dun proceso de envellecemento activo e saudable. Obxetivos que están aliñados obxetivos da Axenda 2030. Concretamente cos números:

3. SAÚDE E BENESTAR. Os programas fomentan o envellecemento saudable e as actividades cognitivas, funcionais, físicas e emocionais.
4. EDUCACIÓN DE CALIDADE. Os programas defenden e promoven oportunidades de aprendizaxe continuado durante todo o ciclo vital da persoa.
5. IGUALDADE DE XÉNERO. No programa "Reactive" existe una fenda de xénero, sendo mulleres a maioría das persoas atendidas.
10. REDUCCIÓN DAS DESIGUALDADES. A través dos distintos programas, servizos e actividades de sensibilización realizados dende Afaga Alzheimer, trabállase para combater o idadismo (discriminación por motivos de idade). Incluso fomos cofundadores da primeira Cátedra de Idadismo de Europa, na Universidade de Vigo.



Concello de Tomiño

SEGUNDA. Que a entidade **AFAGA ALZHEIMER** dispón do persoal necesario para a posta en marcha do convenio. Todo o persoal ligado a **AFAGA ALZHEIMER** por medio dunha relación contractual ou de calquera outra índole, xa colabore directa ou indirectamente na execución do Servizo do Convenio, dependerá exclusivamente de **AFAGA ALZHEIMER**, e en ningún caso existirá vínculo de dependencia de ningún tipo entre dito persoal e o **CONCELLO DE TOMIÑO**.

TERCEIRA. Son obrigas de **AFAGA ALZHEIMER** no presente convenio:

Para o desenvolvemento do **obradoiro de estimulación cognitiva e funcional**:

- Aceptar ós/ás beneficiarios/as (enfermos e familiares) que sexan derivados/as pola **Concellería de Benestar Social do Concello de Tomiño**, ata un máximo simultáneo de **doce (12) usuarios/as**, seguindo o criterio de que non teñan **gravemente afectada a súa capacidade motora** e poidan, polo tanto, seren obxecto de estimulación.
- Que as actividades sexan impartidas por técnicos especialistas na materia.
- Esta actividade impartirase a través de dúas sesións semanais de tres horas cada unha a desenvolver os luns e os mércores de 10:00h a 13:00h.

Para o desenvolvemento do obradoiro **“REACTÍVATE”**:

- Aceptar ós/ás beneficiarios/as (poboación de risco) que sexan derivados/as pola **Concellería de Benestar Social do Concello de Tomiño**, ata un máximo simultáneo de **quince (15) usuarios/as**, seguindo o criterio de **persoa sen deterioro físico e con risco de deterioro cognitivo, maiores de 55 anos, sen diagnóstico e interesadas na prevención e no fomento do envellecemento activo e saudable**.
- Que as actividades sexan impartidas por técnicos especialistas na materia, no que se inclúa como mínimo un profesional de psicoloxía sanitaria e un fisioterapeuta.
- Esta actividade impartirase a través dunha ou dúas sesións semanais seguindo unha calendarización a concretar.



Concello de Tomiño

CUARTA. Que o **CONCELLO DE TOMIÑO** comprométese a financiar ambos programas cunha achega de 8.681,74€ para o ano 2025 e de 21.545,25€ para o ano 2026 como subvención nominativa, que deberá xustificarse debidamente conforme a normativa reguladora do réxime de subvencións e normativa municipal.

QUINTA. AFAGA ALZHEIMER fará referencia expresa á colaboración do **CONCELLO DE TOMIÑO** nas comunicacións e publicacións que se realicen con motivo deste Convenio.

SEXTA. O presente convenio terá unha vixencia dende o 1 de outubro 2025 ata o 30 de xuño do 2026.

SÉPTIMA. Este convenio ten natureza administrativa e rexerase polo disposto nas súas cláusulas e, no seu defecto, pola Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia e polo Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o seu Regulamento, en todo o que non se opoña á lei. A duración do mesmo e durante o ano 2025 e 2026.

OITAVA. Serán causas de resolución deste convenio:

- a.- O incumprimento total ou parcial das súas cláusulas.
- b.- O mutuo acordo entre as partes asinantes do mesmo.
- c. - O transcurso do prazo máximo de vixencia do mesmo.

NOVENA. Prazo e forma de xustificación por parte do beneficiario do cumprimento da finalidade para a que se concedeu a subvención e da aplicación dos fondos percibidos.

O beneficiario percibirá o importe da subvención concedida unha vez realizada a actividade subvencionada e xustificada documentalmente ante o Concello, de conformidade co establecido no presente Convenio e nas Bases de Execución do Orzamento.

Co fin de facilitar a realización do obxecto da subvención por parte dos beneficiarios, contéplase en aplicación do previsto no art. 34. 4 LXS a posibilidade de realizar pagos a conta da xustificación final. A estes efectos o beneficiario poderá presentar xustificacións parciais – trimestrais que darán dereito a expedición de abonos a conta da xustificación final, sempre que se presente a documentación detallada no apartado seguinte e ata un importe mínimo do pago parcial solicitado.



Concello de Tomiño

O pagamento realizarase mediante transferencia bancaria na conta que figura no formulario 3, previa presentación dos formularios 4 e 5, xunto coa documentación que neles se require.

O importe a xustificar non será inferior en ningún caso ó 125% do importe de subvención concedida.

O importe da subvención concedida aboarase unha vez aprobada definitivamente e previa xustificación dos gastos subvencionables, mediante a presentación da seguinte documentación:

- Formularios 4 e 5.
- Nóminas, facturas e formas de pagamento a terceiros que poidan acreditarse mediante un documento expedido por unha entidade financeira, no que quede identificado o beneficiario, o importe e a data de pagamento (cartóns bancarios de crédito ou débito, talóns nominativos, transferencias bancarias etc.).
- Conta xustificativa dos gastos, na que se determinará o gasto total da finalidade subvencionada, detallando as nóminas e facturas: no factura, data de emisión, proveedor, CIF, concepto, importe e data de pago.
- Documento probatorio da difusión da colaboración do Concello na actividade subvencionada. "
- Os certificados de atoparse ao corrente das obrigas tributarias e seguridade social deberán estar vixentes no momento da xustificación.

DÉCIMA. Prazo.

O prazo máximo e forma de xustificación por parte do beneficiario do cumprimento da finalidade para a que se concedeu a subvención e da aplicación dos fondos percibidos será o seguinte:

- Para a anualidade 2025: 26 de decembro de 2025.
- Para a anualidade 2025: 30 de xuño de 2026.



Concello de Tomiño

DÉCIMO PRIMEIRA. Devolución de cantidades percibidas en concepto de subvención.

As axudas concedidas deberán devolverse ou reintegrarse nos seguintes casos:

- Ó obtelas falseando as condicións requiridas.
- Ó non aplicalas para os fins para os que foron concedidas.
- Ó incumplir o beneficiario as obrigas asumidas e as condicións fixadas nestas bases.

As causas de reintegro da subvención serán as que se determinan no artigo 37 da lei 9/2007 do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

DÉCIMO SEGUNDA. Constituirase unha comisión de seguimento que interprete e asegure o bo fin e cumprimento obxecto deste convenio e que resolva as controversias que poidan xurdir na execución.

A comisión estará formada por 2 representantes de cada unha das Partes, nomeados polos seus máximos responsables. As funcións da comisión serán:

- Coordinar, asegurar, avaliar o cumprimento das actuacións contempladas no presente convenio.
- Resolver cantas dúbidas e discrepancias xurdan con respecto á interpretación e aplicación do convenio.
- Velar polo bo desenvolvemento de todas e cada unha das actividades mediante o seu seguimento e avaliación.

As Partes poderán substituír aos seus representantes na Comisión de Seguimento mediante comunicación expresa e por escrito á outra Parte.

A Comisión de Seguimento reunirse un mínimo de dous (2) veces ao ano, así como a solicitude de calquera das dúas Partes.

DÉCIMO TERCEIRA. De conformidade co establecido na LOPD (Lei Orgánica 3/2018 do 5 de decembro, de Protección de Datos Persoais e Garantía dos Dereitos Dixitais) e o Regulamento 2016/679 relativo á protección de datos de datos das persoas físicas en canto ao tratamento dos datos persoais e libre circulación destes datos (en diante “RGPD”), **CONCELLO DE TOMIÑO E AFAGA ALZHEIMER** comprométese a gardar a máis estrita confidencialidade respecto diso de claquera das información, datos e documentación de carácter persoal aos que teñan acceso en virtude do presente acordó e ao deber de



gardalos.

Concello de Tomiño

Non podendo ser utilizado para usos diferentes aos previstos no mesmo, facendo constar, de forma expresa, que velarán polo cumprimento da normativa de protección de datos persoais de aplicación en cada caso. Estes deberes subsistirán despois de finalizar as relacións entre ambas as partes.

DÉCIMO CUARTA. Lexislación aplicable.

O réxime xurídico aplicable será o establecido neste Convenio, no Regulamento para a concesión de axudas e subvencións municipais do concello de Tomiño de publicado no BOP de 31/05/2004, modificado no BOP de 17/06/2008 e 7/05/2010, na Lei 9/2007, de 13 de xuño, de Subvencións de Galicia, no Regulamento da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de Subvencións de Galicia, aprobado por Decreto 11/2009, de 8 de xaneiro, na Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeneral de Subvencións e na súa normativa de desenvolvemento, sen prexuízo do establecido como lexislación estatal básica nos artigos 47 a 53 da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público.

E para que así conste, como proba de conformidade, ámbalas partes firman o presente documento por exemplar duplicado e a un só efecto, no lugar e data sinalados no encabezamento.

Polo **CONCELLO DE TOMIÑO**

Por **AFAGA ALZHEIMER**

Sandra Álvarez González

Juan Carlos Rodríguez Bernárdez

Alcaldesa

Representante

